


TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Xesús Fraga

Xesús Antón Fraga Sánchez naceu o 28 de febreiro de 1971 en Londres (Reino Unido), aínda que vive en Galicia desde a súa infancia.

Licenciouse en Xornalismo na Universidade de Salamanca, cidade na que tamén cursou estudos de Filoloxía Inglesa.

Fraga traballou como redactor e locutor de Radio Voz Lugo durante un ano e tamén foi presentador, xunto a Manuel Rodríguez, do espazo cultural Biblioteca Galega en Radio Voz. Desde 1997 é redactor de La Voz de Galicia.

No literario, desenvolveu a súa carreira en galego, cultivando xéneros como a narrativa infantil e xuvenil e a narrativa para adultos.


TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Obra en galego

NARRATIVA



Tute para catro
(2000). Xerais.



A-Z
(2003). Xerais

Solimán
(2004). Xerais.

Virtudes (e misterios)
(2020). Galaxia




TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



LITERATURA INFANTIL-XUVENIL

Reo
(2012).
Galaxia.



O elefante branco
(2013). Tambre

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B




OBRA EN CASTELÁN

NARRATIVA




NON FICCIÓN






LITERATURA INFANTIL-XUVENIL



Reo
(2016). Algar

Xesús Fraga tamén traduciu ao galego e ao castelán libros de, entre outros autores, Julian Barnes, Vladimir Nobokov, Jack Kerouac, Anne Fine, Roald Dahl, Edith Nesbit, Sylvia Plath e Robert Macfarlane.

En *Conversations with Julian Barnes*, editado por Vanessa Guignery y Ryan Roberts, inclúese a súa entrevista a Barnes.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



As súas obras foron recoñecidas con varios PREMIOS :

- Premio Rubia Barcia-Cidade de Ferrol (2003), por Solimán.
- Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil da Deputación da Coruña (2013), por Reo.
- Premio Frei Martín Sarmiento de 1º e 2º da ESO en 2014, por O elefante branco.
- Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro de literatura xuvenil de 2014, por Reo.
- Premio Blanco Amor de novela 2019 por Virtudes (e misterios)
- Premio da Crítica de Galicia da modalidade de Creación Literaria 2021 por Virtudes (e misterios)
- Premio Nacional de Narrativa 2021 por Virtudes (e misterios).

A continuación, podedes ler unha entrevista que lle fixeron tras recibir o Premio Blanco Amor de novela 2019 por Virtudes (e misterios)...



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



GALICIA MUNDO

Xesús Fraga: “Gustaríame que o libro fose unha homenaxe á miña avoa e aos emigrantes que pasaron dificultades”

Virtudes (e misterios), de editorial Galaxia, é a nova novela de Xesús Fraga. Escrita en galego, do mesmo xeito que as súas anteriores creacións literarias. Fíxose co Premio Blanco Amor de Novela 2019.

“Gustaríame que o libro fose unha homenaxe á miña avoa e aos emigrantes que pasaron dificultades”, di.

Pouco hai tan identificador de Galicia como a súa lingua e a súa diáspora. Con *Virtudes (e misterios)*, un libro sobre a emigración e escrito en galego, penetra o xornalista Xesús Fraga nese máxico, á vez que traumático, mundo dos expatriados. Unha experiencia que lle tocou vivir moi de preto, mesmo como protagonista, e da que saca aspectos positivos á vez que negativos. Con ela fíxose merecedor do Premio Blanco Amor de Novela 2019, que lle comporta unha responsabilidade engadida: a de ver o seu nome unido ao de tan insigne figura das letras galegas.

A entrevista déixanos dúas sensacións: un profundo agarimo cara a *Virtudes*, na que todos podemos ver reflectidas en algo ás nosas avoas, e un desasosego: que se agocha detrás dese avó. A historia quizais teña continuidade noutro libro.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Que foi o que lle motivou a escribir esta novela?

Eu nacín en Londres e vivín alí o primeiros cinco anos da miña vida. Logo volvíñ cos meus pais para Betanzos, de onde é orixinaria a miña familia. Durante todo ese tempo, vivín entre a cultura española e a británica. A miña nai falaba en inglés, tiña moitos libros en inglés, as miñas referencias e personaxes eran tamén da cultura británica, e como moitos nenos, fillos de emigrantes, fun crescendo entre dúas culturas. A diferenza é que, moitas veces, os fillos de emigrantes crecen no país de acollida e manteñen a cultura dos pais, en cambio, eu estaba outra vez de volta no país dos meus pais, pero seguía en contacto co país onde se desenvolvera a emigración. Axudou o feito de que a miña avoa seguiu vivindo en Londres moito tempo.

Todas esas circunstancias influíron ou moldearon a miña biografía, e ese era o material co que quería traballar.

Tratar de ver como a emigración foi tan decisiva para moita xente, a nivel xeral e individual. Como inflúe no que te convertes, nas túas referencias, nas súas experiencias, nos lugares que visitas. Todo iso inflúe na túa biografía e esa foi a última motivación de tratar ese material desde o punto de vista literario.

Cóntanos a historia. Por que emigrou a avoa?

A miña avoa viuse obrigada a emigrar porque o seu marido, que emigrara a Venezuela, non enviaba diñeiro, non quería volver nin tampouco que ela se fose cara alá a reunirse con el. Ela tratou de explicarlle todo o que traballaba, e que non lle daban os cartos para manter a tres fillas, a unha nai e pagar unha casa alugada... Chegou un momento en que perderon a comunicación.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



Como lle foi a Virtudes como emigrante en Londres? Falamos dunha muller soa naqueles tempos nunha gran cidade. Como conseguir saír adiante?



A miña avoa, como moitas outras mulleres da súa xeración, case non tivo formación, nin escolarización, digamos que foi á escola o básico, e tivo que poñerse a traballar para axudar á familia. Casouse moi nova, con 19 anos, e enseguida chegaron as tres fillas, a miña nai e as miñas tías. Emigrou ela soa, as fillas quedaron coa avoa, ou sexa coa miña bisavoa.

Foi unha veciña coa que se cruzou no camiño a que lle falou doutra veciña que emigrara a Londres. Por aquel momento era cando empezaba a emigración a Europa, e ela estaba tan desesperada que se foi cara alá.

Naqueles anos do franquismo as mulleres non podían ter un pasaporte sen autorización do marido. Así que, coa axuda dun funcionario, houbo que falsificar, ou 'amañar', os papeis para que puidese saír. Púxose a traballar cunha familia, pero ao principio foi nefasto. Traballaba moitísimo, pero a señora da casa era moi egoísta coas racións. Entre o moitísimo traballo e a desnutrición, empezou a adelgazar. Ata que un día, en misa, outros emigrantes vírona, faláron co cura e sacárona de alí. Buscáronlle traballo nun hospital que rexentaban unhas monxas, pero, cando chegou, tivérona en cama tres semanas para que se recuperase da situación de debilidade na que se atopaba. Logo empezaron a traballar nunha residencia para enfermeiras, na limpeza e cociñando, e nun hospital. Ao mesmo tempo tamén tiña outros traballos pola súa conta, limpando oficinas ou domicilios privados. Iso converteuna na provedora da familia.

A separación foi moi dura, tanto a do home como a das fillas, que tamén foi moi traumática. Pero ela pensou que se todo ese sacrificio podía ter algún sentido era para que á súa familia non lle faltase nada.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Todo o diñeiro que gañou alá ía destinado a ese fin, a seguro de que á familia lle fose ben. Empezou a mandar moitas cousas, como facían outros emigrantes: roupa, obxectos necesarios para uso doméstico, todo tipo de comidas exóticas que había en Inglaterra..., e conseguiu comprar unha casa propia e que as miñas tías e a miña nai puidesen estudar. Eu e as miñas primas somos a primeira xeración da familia que fomos á universidade e son consciente de que, en boa medida, debemos ese privilexio ao esforzo que fixeron tanto a miña nai como a miña avoa.

Os inicios foron moi duros, pero cumpriu o seu propósito, que foi o de suplir ese baleiro que deixou ao marido, tanto emocionalmente como na familia.

“Virtudes (e misterios)” pretende ser pois unha homenaxe e esa avoa?

Si, desde logo. Para min a heroína na vida real foi a miña avoa.

Ademais do sacrificio que fixo e da xenerosidade, tiña un humor xenial, podía ser moi brusca e moi arisca, porque tiña un xenio moi forte, pero ao mesmo tempo era cariñosa e tiña moito humor. Era un deses personaxes que supera a ficción. Eu sempre me sentín moi unido a ela, un pouco tamén porque eu estaba a crecer nese contexto da cultura británica e ela estaba alá. Podíamos visitala, acollíanos na súa casa. Cando cheguei á adolescencia comecei a viaxar eu só a Londres. Aloxábame na súa vivenda, un cuarto pequeno que compartimos, e recordo que ela me daba moita liberdade. Eu andaba por Londres facendo as miñas cousas e vendo aos meus amigos, pero tamén estaba tempo con ela. Ía limpar casas ou oficinas con ela e desenvolvemos unha relación moi entrañable e moi próxima. Gustaríame que o libro, que é un libro difícil e complexo, con moitas emocións e que me supuxo un esforzo por condensar a historia da miña familia, fóra entendido como unha homenaxe a ela e ao resto das persoas que nalgún momento tiveron que emigrar e que pasaron por esas dificultades e emocións polas que pasou ela.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Estamos pois, ante un libro biográfico ou autobiográfico?

A idea era facer unha novela sen ficcións, unha novela de feitos reais. Está tratado como unha novela, como unha peza literaria, pero o material é biográfico e autobiográfico. Ademais, interesábame non só contar o punto de vista dos emigrantes, que creo que xa hai bastantes libros que falan diso, senón como se ve este fenómeno desde a óptica dun neno, observando aos seus pais, á súa familia. Ese crecer entre a cultura do país emigrante e a cultura propia e como ás veces se dan desaxustes, pero tamén se dan vantaxes, como o poder vivir dacabalo entre dúas culturas. Quería destacar ese punto de vista.

Polo que conta, anos despois de recalar en Londres, Virtudes vivía nunha habitación. Non lle daba o diñeiro para máis, ou todo o que tiña quería enviar a Galicia?

Ela o que prefería era sacrificarse no seu benestar material a cambio de poder seguir enviando cousas para a familia. Non reservaba absolutamente nada para ela. Todo o que facía, como as visitas aos mercados, era para comprar cousas para as fillas, para a nai, para as irmás, para os netos. Pouco para ela, ou nada, e todo para os demais. Nese sentido, eu enmarco tamén a súa vivenda. Seguramente pensaría que para ela chegaríalle e que a cambio podería dispoñer de máis diñeiro para seguir axudando aos demais.

Nese ir e vir de Londres do que fala, nunca tivo a intención de quedar a vivir alí?

Esa é unha pregunta que me fixen moitas veces. Cando nos volvemos, non era consciente do que estaba a pasar. Unha vez en España, cando se desatou a crise dos 70, o meu pai non atopou emprego, e ambos pensaron en volver a Inglaterra, pero xa estaba Margaret Thatcher como primeira ministra e no país empezaba o desmantelamento do estado do benestar, que significou que moitos deses traballos que facían os emigrantes desaparecesen. Ao final, quedaron, pero eu sempre me fixen esa pregunta:



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



“que tipo de vida levaría de quedarme en Inglaterra, que tipo de amigos tería, que tipo de gustos, de afeccións, de traballo”.

Agora son xornalista, pero de quedarme alá non sei por que optaría. A literatura permíteche explorar ou investigar nesa vida que puideches levar e non levaches. De feito, cando finalicei a carreira, durante un tempo, estiven a pensar en ir a Londres e facer vida alí, pero ofrecéronme prácticas en Radio Voz e acabei cun contrato indefinido no xornal 'La Voz de Galicia'.

Pero non descarto, como un deses soños, unha desas aspiracións que algún día podería chegar a cumprir, o volver a ese lugar. Non sei se é atraído polo feito de nacer nel ou por outras impresións biográficas ou culturais, pero sempre hai esa pulsión. Creo que, de momento, resolvo coa idea de que podo estar cun pé nun lugar e noutro. Manteño o contacto con Londres, leo periódicos, traduzo libros de autores británicos, gústame a comida inglesa...

Ese crecer entre as dúas culturas segue presente na miña vida actual.

E nese soño, sempre aparece Londres como lugar de referencia? Non pensa en recalar noutro país de Europa ou do mundo para poder saber como é a vida neses lugares?

Si, si. Eu non son un viaxante consumado, pero coñecín outros sitios: Tánxer, Praga, Polonia, Alemaña... Pero non é o mesmo viaxar por coñecer, por ampliar horizontes, que ir a Londres, que é como regresar a un lugar que tamén forma parte da túa vida e co que tes un vínculo íntimo. Durante o tempo que viviu alá a miña avoa, era como volver a casa. Eu cheguei e inmediatamente recuperei a miña rutina; sentínme ben, cómodo e a gusto. Agora que vou coa miña familia, coa miña muller e os meus fillos, hai unha parte turística, pero segue tendo ese volver ao lugar onde naciches e onde viviches os primeiros anos da túa vida.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Digamos que ten unha connotación diferente de cando viaxas a lugares que se cadra, como é o caso de Nova York, coñeces moito polo cinema, pola música e pola literatura, pero que teñen un compoñente de descubrimento que fai que sexa unha viaxe con outras características.

Iso non quere dicir que cando vas a Londres todo sexa sabido ou coñecido, porque sempre estás a descubrir cousas novas. É unha cidade infinita. Os que viven alí saben que hai moitos Londres dentro da cidade e que abarcalos todos é imposible.

Visto desde a distancia, como fillo de emigrantes, que cre que lle achegou a emigración a título individual e tamén á súa familia?

Foi decisivo. No lado bo, permitiulle á miña avoa poder manter e darlle oportunidades a unha familia que, doutro xeito, non serían posibles. A miña nai, que sempre quixo ser mestra e que aquí en Galicia non puido estudar, unha vez en Londres, aprendeu o idioma e cando volveu puido dar clases particulares na súa casa. Dalgunha forma, o idioma que lle deu a emigración permitiulle cumprir coa súa vocación. No meu caso, grazas a iso podo traducir e comunicarme nese idioma.

Por outra, a miña nai tiña clarísimo que unha cidade como Londres ofrece moitas chaves no mundo da cultura para o seu crecemento persoal e profesional; as de todas esas portas que abre o estar con culturas doutro mundo, que son importantes e que che abren a mente.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



A emigración pódete dar unhas oportunidades laborais e un benestar material que, polas circunstancias que sexan, o teu país non che pode dar, como lle está pasando a moitos mozos hoxe en día, que son unha xeración moi preparada pero que aquí non atopa empregos aceptables e teñen que seguir emigrando. Doutra banda, tamén hai unha connotación negativa, que é o feito da separación. Neste caso, non podemos esquecer que son situacións dolorosas e tristes, e que dalgún modo acaban por influír na túa personalidade.

Debido a que fai referencia a eses mozos que teñen que deixar Galicia para abrirse camiño fóra, que sente cando oe falar de exemplos concretos?

Eu teño unha relación conflitiva con iso. Por unha banda, penso que é bo viaxar, coñecer outros lugares, poder traballar noutros contextos. Digamos que ese intercambio de ideas e de iniciativas ao final enriquece, e creo tamén que esas circunstancias producen un retorno mellorado para a sociedade, como a achega dos emigrantes americanos, que logo fixeron casas de indianos e escolas –en Betanzos temos os exemplos dos irmáns García Naveira, que fixeron escolas como na que estudei eu ou os meus pais– ou asilos, ou lavadoiros. Todas as iniciativas de tipo social que puxeron en marcha os emigrantes conforman un retorno positivo para a súa sociedade, así como as ideas moitas veces innovadoras que traen consigo. O que me dá pena é que esa situación se prolongue durante moito tempo. Xente moi boa, formada e con talento.

Para tratar de revertir esa situación á que fai referencia, a Administración galega está a poñer en marcha programas de retorno con incentivos para a creación de empresas e conceder bolsas (BEME) a novos talentos da emigración galega para que desenvolvan o seu futuro profesional en Galicia. Como o valora? Pensa que unha iniciativa destas características pode dar os froitos esperados?

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Non coñezo con detalle eses programas, non fun beneficiario deles nin coñezo a ninguén que teña directamente esa experiencia, pero creo que todas as iniciativas que contribúan a aproveitar o potencial da xente que está emigrada, que poida contribuír ao desenvolvemento do país, paréceme bo. Creo que hai moitos galegos e galegas repartidos e repartidas polo mundo que poden achegar moito a Galicia. E canalizar iso paréceme importante, sobre todo desde a evidencia e a realidade de que a emigración historicamente tivo un peso importante para nós e para o país, e que segue sendo unha realidade polos descendentes de emigrantes.

Así que darlle as costas a esa realidade, ou ignorala, ou non tratar de buscar os puntos positivos pareceríame un erro. As iniciativas que se poden dar seméllanme moi interesantes.

Volvendo ao libro. A foto de portada mostra a unha señora con dúas mozas. É unha foto familiar?

Si, a persoa que ocupa o protagonismo é a miña avoa, acompañada da miña nai e unha das miñas tías. A foto envioulla a miña avoa ao avó cando emigrou, algo que se facía con frecuencia. Nas cartas ían imaxes que eran unha proba de como ía crecendo e evolucionando a familia. É un testemuño gráfico e directo do que supuxo a marcha do avó. Nos seus rostros pódese interpretar como están a vivir a situación, porque para elas foi moi dura.



A novela obtivo o premio Blanco Amor 2019. Que supón para vostede este premio? Que lle suxire a figura de Blanco Amor?

Para min foi importante, porque foi un libro no que estiven a traballar moitos anos e refíxeno varias veces. Tiven que confrontar como quería contar esa historia. Foi un proceso que tivo moitas dúbidas, moitas incertezas, e tiven que tirar moitas páxinas á papeleira. Cando acabei e mandeino foi como unha mensaxe tirada ao mar.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Pero o feito de que ao final obtivese o premio, é unha confirmación de que esa decisión e que a forma de contar a historia foi a correcta. Ou que polo menos convenceu ao xurado.

Respecto a Blanco Amor, é unha figura referencial para a literatura galega. El tamén foi emigrante e coñeceu esa realidade. A calidade da súa obra é indiscutible. *A esmorga*, *Os biobardos*, *A Catedral e o neno*, son libros maravillosos de Blanco Amor e para min é unha responsabilidade engadida o que, a través do premio, o meu nome teña un vínculo, aínda que sexa mínimo, con esta figura.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Imos agora cunha entrevista que lle fixeron tras recibir o Premio Nacional de Narrativa 2021 por *Virtudes (e misterios)*...

Non se pode renunciar ao pasado, hay que miralo para entendelo



Había case vinte anos que o Premio Nacional de Narrativa non recaía nunha obra escrita orixinalmente en galego. Logrouno “*Virtudes (e misterios)*” (Galaxia/Xordica), unha historia familiar marcada pola emigración na que o autor segue os pasos da súa avoa Virtudes, emigrada desde o seu Betanzos natal ata Londres en 1961.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Virtudes emigra a Londres cando ten 27 anos e deixa tres fillas en Galicia, unha delas Isabel, a nai de Xesús Fraga. O marido de Virtudes marchou a Venezuela e del apenas se volveu a saber.



A súa historia é a da clase traballadora galega que puxo rumbo a Europa entre 1951 e 1975 en busca dunha vida mellor xa que, neste caso, a cultura abriulle outros horizontes.

Xesús Fraga é redactor da sección de Cultura en La Voz de Galicia, publicou tres libros anteriormente e converteu do galego ao castelán a Nabokov, Jack Kerouac ou Sylvia Plath. É unha persoa tímida, introvertida e reflexiva, que tivo que facer un exercicio maiúsculo de introspección para escribir un relato moi persoal no que desvela algunhas intimidades da súa historia familiar. Ese mesmo ton íntimo domina o noso encontro, salpicado, como en toda conversación con el, por notas de erudición, anécdotas asombrosas e toques de fino humor.

Que sentiches cando recibiches a chamada do ministro comunicándoches o premio?

Levaba unhas horas de xornada laboral cando recibo a chamada do Ministerio de Cultura. Como xa se fallaran todos os outros galardóns de ámbito cultural deste ano, tiven a certeza de que gañara o premio. Parecíame un soño pero que este soño obedecía a unha lóxica polo traballo ben feito. Asolagoume un gran alivio, unha euforia tranquila. Era a confirmación de que tantos anos dedicados a este libro, cun investimento emocional tan grande, merecera a pena. Sentín un pouco como Nadal despois dun longo partido cheo de tensión. Libereime de tanta presión tirándome na moqueta do xornal cos brazos en cruz e as pernas abertas. Conseguira o que calquera escritor anhela.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Esta historia levábache roldando desde había moito tempo, tanto como corresponde a unha historia que é a da túa propia vida. Cando decides que tes que poñerte con ela?

Tivo que ser a morte do meu pai a que me situou ante o espello e fíxome consciente da fragilidade das nosas vidas e deume o impulso definitivo da escritura. Tardei moito tempo en decidirme, pero todos estes anos de espera servíronme para reflexionar máis fondamente sobre todas estas vivencias familiares. Desde que me poño co proxecto definitivo pásome catro ou cinco anos dando forma, aínda que a idea estaba na miña cabeza desde moito antes

Desvelar algúns episodios incómodos da túa historia familiar foi un freo durante o proceso creativo? Nunha ocasión escoiteite contar que Julian Barnes aconsellárate que gardases a historia nun caixón e que a publicases só cando xa non estivesen vivas as persoas da túa familia ás que puidese afectar o narrado neste libro .

Eu tiña claro que era unha historia que só podía contar eu, que tiña que tratar de contala o mellor posible. Cargueime seguramente cun exceso de responsabilidade que paralizaba e impedíume seguir adiante. Era excesivamente rigoroso co que levaba escrito. Esta foi unha das grandes dificultades que tiven ao empezar con este libro.

Cando falaba coa miña familia sobre os avatares da súa vida e relatábanme algúns episodios para min descoñecidos da historia familiar, dábame conta de que o abandono e a ausencia do meu avó crearan un trauma profundo na familia, sobre todo na miña nai e nas miñas tías. Se eu escarbaba nesas feridas corría o risco de que se volvesen a abrir.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



Non quería causar unha dor gratuíta á miña familia, nin facer un axuste de contas nin xulgar a ninguén. Tampouco quería facer da miña avoa unha heroína e do meu avó un demo. Eu só pretendía entender o que pasara e contalo da maneira máis sinxela e digna posible, sen caer en sensacionalismos nin en sensiblerías. Non se pode renunciar ao pasado, hai que miralo para entendelo.

Nesta historia aparecen os teus avós, os teus pais, as túas tías, xunto cunha cantidade de personaxes secundarios tamén fascinantes. Tamén estás ti mesmo, pero o eixo da narración será a túa avoa .

Realmente, ela foi o motor da familia, ela foi a que deu o impulso para que a familia saíse adiante. A miña avoa Virtudes asumiu o rol que se entendía que tiña que asumir o meu avó.

Emigra a Londres pensando na familia. Como é unha presenza habitual na túa vida e ademais é a túa avoa, non es consciente das súas posibilidades como personaxe literario. Ela tiña unha mestura de mal xenio e sentido do humor que a convertía nunha persoa irresistible. Cando empezo a tomar notas xa reflexiono sobre o que teño entre mans, doume conta de que era unha muller excepcional. E entón, por dereito propio, sabes que ten que asumir o protagonismo da historia.

Como encaraches escribir unha novela sobre a emigración sendo este un tema tan presente na literatura galega?



A historia da emigración está repleta de epopeas, historias de homes feitos a si mesmos, de triunfadores e tamén dalgún fracasado. Pero eu quería incorporar ao repertorio da emigración un relato máis doméstico, baseado nas emocións desas mulleres que renunciaron a tantas cousas por axudar á súa familia e incorporáronse á vida de urbes tan grandes como Londres. Ese foi o caso da miña avoa e dos meus pais.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



A emigración galega a Europa, acontecida maiormente nos anos sesenta e setenta do século pasado, apenas estaba narrada. Propúxenme falar tamén da emigración do retorno e contar o desaxuste co que se atopa o emigrante que regresa ao seu lugar de orixe e non atopa a Arcadia coa que soñara e que tantas veces recreara na súa imaxinación. A emigración, con todo o dura que é e as problemáticas que carrega, tivo as súas vantaxes e logrou reinventarse a moitas persoas. Á miña avoa deulle unhas oportunidades laborais que aquí non tiña. Ela obtivo un respecto por parte dos seus patróns que aquí non logrou. Deulle a oportunidade de volver empezar e de levar unha vida digna. A miña nai, grazas á adquisición doutro idioma, puido acceder a unha cultura globalizada que a reafirmou na súa idea sobre o poder transformador da cultura e das artes. E todo isto transmitíumoo a min.

Para a miña nai foi unha chave de ouro. Tamén están latentes as circunstancias da próxima xeración emigrante, a dos fillos dos emigrantes, que nacen cun pé nunha cultura e outro pé na outra.

Non sei se podemos dicir que este libro é unha novela, unha historia autobiográfica... en que molde xenérico encadraríalo?


Cando comecei este proxecto considerei se escribir unha novela ou utilizar outro xénero narrativo. A novela implicaba recrear, fabular, crear unha ficción a partir de feitos reais, o que me daría máis liberdade creativa. Tamén pensei nunha novela sen ficción que percorrese non só eses anos da miña infancia londiniense, senón todas as circunstancias que desembocaron en que eu nacese alí. Unha historia de tanta entidade e forza como esta requiría un rexistro máis apegado á realidade, así que finalmente impúxose este modelo. Ao principio do libro digo que non quero inventar porque sería un falso exercicio de fabulación, pero logo admito que tiro da memoria e iso tamén é fabular.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



A historia da túa familia quedou definitivamente pechada despois de Virtudes...?

Como dixo Sean Connery, a quen a miña familia coñeceu porque lle limpaba a casa, “*nunca digas nunca jamás*”, aínda que por agora xa contei o que tiña que contar. Quizais queden ángulos novos que varíen a historia familiar ou novos episodios que poidan cambiar a miña perspectiva dos feitos e me fagan reformular esta decisión. Hai maravillosas historias que teñen que ver coa miña fascinación pola cidade de Londres que quizais deban esperar porque non quero escribir dous libros seguidos tan emparentados temáticamente. Desde a ficción pensei noutras historias que teñen que ver coa familia. O tema da familia é unha contorna moi propicia para un narrador por ser un microcosmo onde está reflectido en miniatura o mundo.



Todos os temas da literatura están incluídos nunha historia familiar. Moitos dos nosos libros favoritos teñen que ver coa familia. Desde a Biblia, a historia de moitas familias, ou a Odisea. O comezo de *Virtudes (e misterios)* é unha homenaxe a un libro para min fundamental, *Léxico familiar* de Natalia Ginzburg.

Como pensas que cambiará a túa vida de escritor despois deste premio?

Por unha banda, ábreme perspectivas coas que non contaba. Agora vou chegar a máis lectores e vaimos abrir portas que antes estaban pechadas. Para min é a confirmación de que o esforzo valeu a pena e de que hai un camiño que merece a pena explorar. Agora teño a garantía de afrontar con garantías este camiño. Se antes me atenazaba a responsabilidade de falar da miña familia, agora terei a responsabilidade de levar o premio comigo e o que iso supón. A literatura consiste en afrontar sempre novos retos.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



A continuación, déixovos un artigo que saíu publicado na revista *Luzes* a raíz do recoñecemento do Premio Nacional

Virtudes Sánchez, o empoderamento dunha emigrante galega que sostivo á súa familia durante décadas

Luzes
Xornalismo que conta

Xesús Fraga, premio Nacional de Narrativa 2021, describe en Virtudes (e misterios) a historia real dunha muller de orixe campesiña que renunciou á súa propia vida para permitir que as súas fillas e os seus netos constrúisen as súas.

A vida é o que construímos cos nosos recordos. E se algún día alguén se interesa polas nosas vidas, serán eses recordos os que a relaten. Convertan vostedes as pantasma en fantasía, e non deixen nunca que o espello lles devolva unha imaxe baleira do que son.

A vida é o que narra **Xesús Fraga** (Londres, 1971) en *Virtudes (e misterios)*, a novela que lle valeu o premio Nacional de Narrativa 2021. Editada en español por Xordica, a versión orixinal en galego publicada por Galaxia obtivo o Premio Blanco Amor no 2019.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Vixente en
España ata 1975



Virtudes é a vida de **Virtudes Sánchez**, unha emigrante galega de orixe campesiña que se ve obrigada a deixar o seu país a mediados do século pasado porque o seu marido a abandona. Empuxada pola necesidade de sacar adiante as súas tres fillas, Virtudes falsifica o permiso conxugal que toda esposa debía portar nas viaxes longas por aquela España franquista que convertía as mulleres en seres inferiores dependentes dos homes, e marcha a Londres.

Cando chega non sabe nin unha palabra do idioma nin da forma de vida que empeza a desenvolverse na cidade, que acabaría convertida na capital pop do mundo.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Virtudes permanece alí case tres décadas, construíndo un universo propio desde o seu pequeno cuartiño alugado, traballando como empregada doméstica, aforrando o seu soldo e enviando alimentos e bens ás súas fillas, renunciando á súa vida para que elas e os seus netos poidan acabar construíndo as súas.

A vida de Virtudes son os recordos que dela ten o seu neto. E o seu neto é o propio Xesús Fraga, quen naceu e viviu os seus primeiros anos en Londres porque os seus pais tamén tiveron que emigrar.

Pero esta non é só unha novela autobiográfica. **É máis ben un libro de memorias e de viaxes**, de deliciosas aventuras da alma, que reflexiona sobre o amor e a soidade, sobre a amizade e a redención, sobre o abandono e a solidariedade, para concluír que a nosa existencia nin ten sentido nin pode explicarse fronte ao espello sen recorrer á pegada que deixamos en quen nos rodea.

«De neno chegaba os luns ao colexio, en Betanzos, e todo o mundo dicía ‘esta fin de semana estiven na aldea’», lembra o autor. «E eu preguntábame que era iso da aldea, un concepto novo para min. Respondíanme que a aldea era o sitio onde viven os avós, así que se a miña avoa vivía en Londres, **a miña aldea era Londres**».

O autor fala na terraza cuberta dun pequeno café de Betanzos, a súa outra aldea, a trinta quilómetros da Coruña, onde vive coa súa muller, a súa filla e o seu fillo, bisnetos de Virtudes e tamén, en certo sentido, protagonistas do libro. Aínda que para entendela haxa que chegar, literalmente, ata a última frase da novela.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Fraga é un conversador exquisito, cultivado e atento, unha delicia para o interlocutor. Conta que tardou dez anos en armar negro sobre branco *a historia desa coraxuda e humilde muller* anónima que se fixo dona da súa vida nun ambiente hostil e descoñecido; *a da súa filla*, que puido acceder en Londres á cultura e ás oportunidades de formación que España lle negaba para acabar sendo profesora de inglés; *e a súa propia*, como narrador máis prudente que omnisciente, quen describe a cidade e os seus recunchos. Por eles deambulan os personaxes da novela, que Fraga ve con ollos de adolescente inquedo pola fortuna da súa dobre condición: Xesús en Galicia e Tony (a Fraga bautizárono como Jesús Antonio) en Londres, do mesmo xeito que a súa avoa era Virtudes na aldea e Betty en Inglaterra.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPO B



«A idea era escribir esta historia coma se fose unha novela, a pesar de que non estaba a me inventar nada. Aí é onde intervén o xornalista», explica.

Fraga é sobre todo escritor, pero tamén tradutor (Kerouac, Nabokov, Barnes, Dahl) e xornalista, profesión que desenvolve desde 1996 en *La Voz de Galicia*. Na redacción do xornal, e tamén fóra dela, hai quen pensa que é a súa pluma máis relevante no últimos corenta dos case 140 anos de historia do diario.

Aludindo ao oficio de informar, Fraga asegura que se fixo moitas preguntas pero que non esperaba que as respostas o levasen a outra cousa que a facerse máis preguntas, como lle sucede a todo (bo) xornalista. Non quixo nin inventar, nin cambiar, nin transformar datos, feitos nin declaracións que puidesen embelecer o relato literario ou facelo máis fluído. «Tiña que contar esa historia verídica coma se fose unha novela, cos seus puntos de xiro, o seu suspense, as súas expectativas... A novela é un xénero maravilloso porque che dá total liberdade para iso», sinala.

Aínda que non o pretenda, o seu libro é unha **obra feminina e feminista**. Os feitos que relata responden o significado dese concepto tan sobado do empoderamento da muller. A batalla diaria e anónima, inquebrantable e demasiadas veces solitaria e esquecida. A concatenación de loitas cotiás que parecen minúsculas e que acaban sendo inmensas e universais.

«A miña avoa e a miña nai tiñan esa mirada, esa determinación, ese carácter e esa forza de vontade que se cadra os homes emigrantes que eu coñecín non tiñan», expón. «Non digo que non houbera homes que non o tivesen, pero na miña familia foron elas as que tiveron esa visión, ese plan, e as que trataron de executalo por todos os medios. E acabaron lográndoo».



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Virtudes tamén é unha **novela de emigrantes**, pero non está contada desde a morriña, senón desde a esperanza. A súa lectura ofrece moitos máis descubrimentos que queixumes ou perdas. Por parafrasear a Fraga :

“Máis fantasía que pantasma. Máis virtudes que misterios.”

Aínda que habelos, hainos, claro. Como o do mesmo Londres da segunda metade do século XX, capital desa nación que construíu e derruíu en poucas décadas un sistema de benestar exemplar que atraeu e expulsou poboación ao ritmo que marcaba o thatcherismo. Ou como a pantasma de **Marcelino Fraga**, o zapateiro avó do autor e marido de *Virtudes*, quen sobrevoa toda a novela tras converterse en detonante da historia cando decide emigrar a Venezuela coa inxenua esperanza de converterse nun home rico, aparcando á súa familia para abandonala poucos anos despois.

Poida que a súa historia teña outra novela. Só Fraga o sabe. Pero o misterio desta desvélaos *Virtudes* con outro xesto de empoderamento que resolve a narración da maneira máis esperanzadora e fermosa. A máis feminina, feminista e virtuosa. En serio. Por moito que digan, non pasa tantas veces que a realidade supere á ficción.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Virtudes (e misterios) de Xesús Fraga, Premio de Creación Literaria 2021

O xurado da XLIV edición dos Premios da Crítica de Galicia da modalidade de **Creación Literaria**, formado por **Mercedes Corbillón**, libreira da Librería Cronopios; **Inma Otero**, crítica e profesora; **Isabel Mociño**, crítica e profesora da UDV; **Olga Novo**, escritora, gañadora edición 2020; **Ismael Ramos**, escritor; **Carlos Vizcaíno Fernández**, crítico e profesor da UDC e **Xavier Senín Fernández**, secretaria, en representación dos Premios da Crítica de Galicia, acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a ***Illa decepción*** de Berta Davila (Galaxia); ***Virtudes (e misterios)*** de Xesús Fraga (Galaxia) e ***O pintor cego*** de Xabier DoCampo (Kalandraka).

Tras as derradeiras deliberacións, acordou outorgar por maioría o premio a ***Virtudes (e misterios)*** de Xesús Fraga (Galaxia).

O xurado salientou da novela, entre outros aspectos: a perspectiva novidosa da emigración e centros cosmopolitas europeos; a construción dunha época que visibiliza e dignifica as mulleres emigrantes galegas; e a creación dun universo autoficcional sen condescendencias nin tampouco mistificación no que o narrador adopta unha posición discreta.

...Estades dacordo co xurado?



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Unhas curiosidades...

Na páxina 135 do libro pon : “ *Entrementres, o seu novo fogar (o de Isabel) ía estar no final doutra tranquila rúa con xardín, Roland Gardens, no convento de Santa Teresa das irmás hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús.*”



Rúa Roland Gardens



Este sería o antigo convento de Santa Teresa das irmás hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús, no que estivo aloxada Isabel recién chegada a Londres. Actualmente é unha residencia da terceira idade

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B




Nas páxinas 165-166 do libro pon : “ ...non perde (Isabel) a ocasión de ampliar o currículo, como o curso a distancia que se publica nas páxinas de La Voz de Galicia...para obter un diploma máis, quizais de axuda nunha sociedade que vive no papelame.”



Atopei un artigo que Xesús Fraga publicou (en castelán) en *La Voz de Galicia* no ano 2015 no que fala deste diploma e do curso de inglés de Isabel (a súa nai).

La Voz de Galicia

“La vocación por el inglés que se afianzó en un curso de La Voz”

 XESÚS FRAGA
REDACCIÓN/LA VOZ

Como ocorreu en tantas outras familias gallegas, a emigración resultó decisiva en la vida de Isabel Sánchez. A mediados de la década de los sesenta tuvo que renunciar a su sueño de ser maestra y dejó su Betanzos natal para reunirse en Londres con su madre, que llevaba ya varios años trabajando en una residencia de enfermeras. A ella la instalaron en el convento de Santa Teresa de Roland Gardens, donde ayudaba a las monjas en sus tareas y cuidaba de una aristócrata de ascendencia española, la condesa de Torre-Díaz. Allí Isabel comenzó a aprender un idioma, el inglés, del que lo desconocía todo.

Cuando regresó a Galicia para estudiar un curso de secretariado que prometía un empleo seguro, lo complementó con las lecciones de inglés que durante 1968 y 1969 se publicaron en La Voz, convencida de que su dominio afianzaría sus opciones laborales.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Se trataba de una serie de 120 entregas didácticas y 30 exámenes a modo de guía que aparecían diariamente en el periódico, y que un amigo, Tito, recortaba para ella. Vocabulario, gramática, lectura y fonética se incluían en esta formación a distancia conocida como «English through newspapers» y que culminaba con un examen. «Lo hice en A Coruña y había que llevar todas las lecciones recortadas para presentarse», recuerda Isabel, quien lo superó y recibió su diploma.

Pero el empleo que prometía el secretariado nunca llegó a materializarse y regresó a Londres, esta vez acompañada de Tito, con quien se había casado. Allí formaron una familia y, entre trabajo y trabajo, amplió sus conocimientos de inglés para poder obtener el certificado Proficiency de Cambridge, entre otros. Un bagaje que de vuelta en Betanzos le permitió recuperar su vocación por la pedagogía y dedicarse a la enseñanza del inglés.

En sus clases, toda una generación de alumnos se inició en el idioma. Algunos son hoy ejecutivos de ámbito internacional y a otros su ejemplo los animó a estudiar ellos mismos Filología inglesa. Ya jubilada, Isabel aún tiene alumnos, sus nietos, con quienes continúa una vocación que se forjó también en aquellas lecciones recortadas de La Voz hace casi 50 años.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Luego, cuando se habla de que el estado del bienestar británico en los años 60 era un ejemplo para todo el mundo, y que era digno de imitar y de admirar, yo pienso que en la base de todo eso estaban mujeres como mi abuela, que eran inmigrantes gallegas, extremeñas, portuguesas... que con su trabajo sostenían ese sistema. Limpiaban en los hospitales, cocinaban... Mi padre fue cocinero de hospital. Y mi madre y mi abuela trabajaban en residencias de enfermeras, que cuando volvían del trabajo tenían la comida hecha, la cama hecha, la ropa limpia, seca, planchada. Todo eso lo hacían las mujeres emigrantes. Eran los cimientos de ese estado del bienestar, que como los cimientos de los edificios, eran invisibles, pero eran las que lo estaban sosteniendo.

Por eso creo que hay que hablar de ellas con la dignidad que se merece. De hecho, con la ola neoliberal que vivió el Reino Unido en los 80, cuando se cargaron el estado del bienestar, fue debido en buena medida a que eliminaron estos puestos de trabajo. Si socavas la base, dejas a todo el edificio en una situación de inestabilidad. Si antes para limpiar había veinte, dejaban cinco. Un ejemplo muy claro también es la fusión de hospitales. En nuestro barrio, Kensington, en 1980 había tres funcionando. Al acabar la década, solo quedaba uno. El hospital donde yo nací, y donde había muerto **Jimi Hendrix** poco antes, el St. Mary Abbot, lo reconvirtieron en una urbanización de lujo. Antes, tenía un jardín y ahora todo eso está vallado con una garita de seguridad y no puedes acceder si no eres residente. Supuestamente, un gran hospital asumió todas esas funciones, pero en ese proceso muchos trabajos se convirtieron en redundantes y muchos inmigrantes se vieron abocados a irse.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO B



Fontes :

<https://www.lecturalia.com/autor/23919/xesus-fraga>

https://es.wikipedia.org/wiki/Xes%C3%BAs_Fraga

<https://www.cronicasde laemigracion.com/articulo/galicia/xesus-fraga-gustaria-libro-fuera-homenaje-abuela-emigrantes-pasaron-dificultades/20200325185759098788.html>

<https://librujula.publico.es/xesus-fraga-no-se-puede-renunciar-al-pasado-hay-que-mirarlo-para-entenderlo/>

<https://luzes.gal/06/01/2022/luzes-publico/virtudes-sanchez-o-empoderamento-dunha-emigrante-galega-que-sostivo-a-sua-familia-durante-decadas/>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2015/05/22/vocacion-ingles-afianzo-curso-voztercera-entrega/0003_201505H22P60991.htm

